

A DESCONEXIÓN DIXITAL NO TRABALLO

Autor: Toscani Giménez, D. y Trujillo Pons, F. (Dirs.)

Editorial: Thomson Reuters – Aranzadi, 2020, 346 páxinas

A obra que nos presentan os directores Daniel Toscani Giménez, profesor titular na Universidade de Valencia, e Francisco Trujillo Pons, profesor axudante doutor na Universidade de Valencia, baixo o título «La desconexión digital en el trabajo» é de gran relevancia para o tempo que vivimos que como consecuencia da pandemia moitos do traballadores e profesionais temos que traballar a través do teletraballo. En que en, moitas ocasións, non somos conscientes de que debemos desconectar.

No libro interveñen, ademais dos directores, Fabián Valero Moldes, socio director de Zeres Avogados; Oriol Cremades Chueca, investigador e profesor en ESERP Busines & Law School; Manuel Alegre Nueno, profesor titular na Universidade de Valencia; Ana Ercoreca da Cruz, inspectora de Traballo e Seguridade Social e presidenta do SITSS; Ronsel Martín Estebaranz, directora de Comunicación & RCS en SingroGO; María Gema Quintero Lima, profesora titular na Universidade Carlos III; Jimmy Pons Capó, Innovation Maker; e Philippe González Trujillo, Creador da #IGers Community – Heineken España, Leica e AC Hotels Brand Ambassador .

A obra está editada en Thomson Reuters – Aranzadi, na colección de Estudos da editorial. O libro conta cun prólogo dos directores, sete capítulos, conclusións, anexos e bibliografía.

No primeiro capítulo, titulado «Introdución ao exercicio do Dereito a desconectar tecnoloxicamente do traballo», o profesor Trujillo desenvólveo a través de 3 epígrafes: 1) A cotidianidade da dixitalización no ámbito laboral: un posible prexuízo aos dereitos laborais; 2) O dereito do traballador e

a correlativa obriga empresarial; 3) A sensibilidade do dereito laboral e as accións formativas nas empresas.

O autor chega á conclusión que «o traballador ha de saber que unha vez finalizada a súa xornada ten dereito a non atender comunicacións ou indicacións do seu empregador, ben sexa para esixirlle algún tipo de actividade durante este período ou ben para cando se reincorpore á actividade laboral na xornada de traballo sucesiva».

No segundo capítulo, tanto Trujillo como Valero abordan «a positivación do dereito laboral», que se desenvolve a través do seguintes sete epígrafes: 1) Antecedentes á normativa española: pasos dados en empresas e achegamentos normativos; 2) A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e o Real decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia; 3) A relevancia do artigo 88 da LOPDPGDD; 4) Convenios colectivos que se limitan a dispoñer xeneralidades do dereito, sen maiores concrecións; 5) As infraccións e sancións aparelladas por incumprimentos do dereito; 6) O traballo a distancia e o dereito á desconexión dixital: unha nova norma urxente e necesaria; 7) Unha visión internacional da regulación do dereito: países con normativa propia (específica e indirecta) e outros en proceso de tela.

No terceiro capítulo, Cremades presenta «unha panorámica á desconexión dixital dende unha perspectiva empregadora: límites xurídicos, escenarios e propostas» que o desenvolve mediante o seguintes cinco epígrafes: 1) A multidimensionalidade e o debate obriga-dereito sobre a desconexión dixital: a necesidade de tomar en conta unha perspectiva empregadora; 2) Unha premisa para a abordaxe da desconexión dixital dende unha perspectiva empregadora: o contrato de traballo e o dereito de propiedade como previos límites e a súa proxección no tratamento xurídico-laboral do uso dos dispositivos móbiles persoais para fins profesionais (Bring Your Own Device - BYOD); 3) Verificación da desconexión dixital, facultades empregadoras e Dereitos Fundamentais: escenarios e límites; 4) Unha proposta *de lege data* e dúas *de lege ferenda* para a efectiva desconexión dixital dende unha perspectiva empregadora: sobre a repartición de gastos (con especial mención do "teletraballo")

e o contido mínimo de todo convenio colectivo; 5) A modo de conclusión: a desconexión dixital en España como síntoma. No cuarto capítulo, Alegre e Ercoreca analizan «a prevención de riscos laborais e a desconexión dixital no traballo» mediante o seguintes sete epígrafes: 1) As condicións de traballo e saúde; 2) Os riscos profesionais; 3) Os danos derivados do traballo; 4) As técnicas preventivas; 5) A obriga empresarial de garantir a seguridade e saúde dos traballadores; 6) Dereitos, deberes e responsabilidades dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais; 7) Responsabilidades empresariais.

No quinto capítulo, Martín estuda a «dirección estratéxica de persoas: o “teletraballo” dende a óptica da dirección estratéxica de persoas: cara ao “*smart working*”» a través dun gran epígrafe titulado «o “teletraballo” dende a óptica da dirección estratéxica de persoas: cara ao “*smart working*”» que se compón dos nove seguintes apartados: 1) O primeiro: en cantas empresas existe o “teletraballo”?; 2) “Teletraballo” é sinónimo de “conciliación”?; 3) Acaba o “teletraballo” co “presentismo”?; 4) Das reunións presenciais ás reunións vía Teams, Zoom, Skype...; 5) O papel dos mandos intermedios e/ou superiores na implantación da política de “teletraballo”; 6) Inflúe o tamaño de empresa nas medidas de conciliación e/ou “teletraballo”?; 7) A comunicación interna: máis estratéxica que nunca debido ao “teletraballo”; 8) “Teletraballo” e sistemas de dirección por obxectivos; 9) Cara ao “Smart working”.

No sexto capítulo, a profesora Quintero aborda «o dereito á desconexión dixital dende unha -necesaria- perspectiva de xénero» a través do seguintes seis epígrafes: 1) Consideracións previas; 2) A regulación xeral da desconexión dixital: cuestións potencialmente sensíbles ao xénero; 3) O “teletraballo” COVID-19: marco de excepción sen desconexión; 4) A desconexión dixital no “teletraballo” tras o Real decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia: a voltas cos elementos sensíbles en clave de xénero; 5) A desconexión laboral; 6) Algunhas conclusións rápidas.

No sétimo capítulo, Pons, González, Trujillo e Martín presentan as «boas prácticas e recomendacións» mediante

dous epígrafes: 1) Boas prácticas, consellos e recomendacións para unha desconexión dixital eficaz e garantista; 2) A era dixital do S. XXI. Conceptos e consellos tecnolóxicos.

Finalmente, no capítulo oitavo o profesor Toscani sinala as «conclusións» a través dun gran epígrafe titulado «un punto e seguido no dereito á desconexión dixital no traballo», seguidamente a obra culmina, respectivamente, cos anexos e a bibliografía.

Dentro das grandes conclusións que se presentan destácase, entre outras, que «os horarios deben cambiar e con iso, a conciliación mellorará e os xefes e empregados “quentacadeiras” extinguíranse. Urxe un cambio de paradigma neste sentido; que as empresas aposten por unha flexibilidade horaria e que prohiban, de plano, interferir na conciliación familiar e persoal dos seus traballadores. Esta conciliación ha de ser unha medida para asegurar o dereito á desconexión dixital. De respectarse este dereito, o tempo que un empregado pode pasar coa súa familia será de calidade, ao non verse interrompido por cuestións laborais que na maioría dos casos poderían ser solucionadas ao día seguinte na oficina e, por suposto, en horario laboral».

Trátase, en consecuencia, dunha obra de referencia a ter moi en conta no Dereito do Traballo, especialmente, na «Desconexión dixital no traballo» e cuxa consulta resulta imprescindible para quen decida coñecer de primeira man a comprensión harmonizadora daquel dereito, tan necesario de gozar nestes tempos que se viven.

DJAMIL TONY KAHLE CARRILLO

Profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Universidade Politécnica de Cartaxena (UPCT)